



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Intervención en contextos familiares de risco		Código	652G03015
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía			
Coordinación	García Fernández, Manuel	Correo electrónico	manuel.garcia.fernandez@udc.es	
Profesorado	García Fernández, Manuel	Correo electrónico	manuel.garcia.fernandez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Nesta materia preténdese que o alumnado acade os fundamentos da intervención psicolóxica en contextos familiares convencionais, non convencionais e de risco. O temario estrutúrase nunha parte teórica, onde se presentan cales son os fundamentos dun funcionamento familiar óptimo en canto a vínculos afectivos e estratexias de socialización, e como estas variables poden resultar afectadas en contextos non convencionais e de risco. A parte práctica está formada por temas que son de especial interese para a formación do educador e educadora familiar.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non se farán cambios 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Portafolio do alumno Recensión bibliográfica *Metodoloxías docentes que se modifican As sesións expositivas e interactivas pasarán a impartirse a través de Teams no horario de clase. A Proba mixta farase a través de Moodle 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Teams no horario de titorías 4. Modificacións na avaliación Non hai. Mantense os criterios da guía docente *Observacións de avaliación: Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás que a referencia ao cómputo da asistencia, que só se realizará respecto das sesións que houbo presencialidade ata o momemto no que se suspendeu a actividade presencial 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non é necesaria			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer os procedimentos básicos de intervención en contextos familiares convencionais, non convencionais e de risco	A2		
	A6		
	A19		



Capacidade de observar e escoitar de forma activa	A2 A5 A6 A7 A9 A11 A12 A20 A21	B4 B5 B6	C4
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional, e de compromiso coa realidade máis próxima		B5	C1
Resolver problemas de forma efectiva	A2 A5 A6 A11 A12 A20 A21	B4 B5 B6	C4
Apreciar as distintas manifestacións da diversidade.	A5 A6 A7 A9 A12 A20 A21	B4 B5 B6	C4
Identificar as dinámicas familiares en contextos convencionais, non convencionais e de risco	A2 A6 A19		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Dinámicas familiares en contextos convencionais, non convencionais e de risco	1. A familia como contexto de desenvolvemento humano 2. Formación e desenvolvemento dos vínculos afectivos 3. A socialización no contexto familiar 4. O desenvolvemento socioemocional nas familias adoptivas 5. O desenvolvemento nas familias homoparentais 6. Desenvolvemento socioemocional en contextos familiares de risco: os malos tratos na familia
2. Ferramentas de uso para a educación familiar	1. Análise das concepcións familiares 2. A observación condutual 3. Ensino de habilidades parentais 4. Habilidades básicas de comunicación terapéutica

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A2	1	0	1
Sesión maxistral	A2 A5 A6 A11 A12 A19 B4	20	42	62



Portafolios do alumno	A7 A9 A20 A21 B5 B6 C1 C4	20	20	40
Recensión bibliográfica	A5 A6	0	20	20
Proba mixta	A2 A5 A6 A7 A9 A11 C1	1	24	25
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Presentación dos contidos teórico/prácticos e das competencias da materia
Sesión maxistral	Presentación dos contidos teóricos dos temas que conforman a guía docente
Portafolios do alumno	Recollida da información e elaboración dos contidos prácticos dos temas que conforman a guía docente
Recensión bibliográfica	Lectura dun libro sobre escolas de pais e nais. A recensión engadirase ó portafolio
Proba mixta	Preguntas tipo de probas de ensaio e/ou preguntas tipo de probas obxectivas

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	As actividades teórico/prácticas poderán supoñer a asistencia a sesións de atención personalizadas por parte do alumnado
Portafolios do alumno	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A7 A9 A20 A21 B5 B6 C1 C4	Ata 2,5 puntos sempre que se teña superado a proba mixta	25
Proba mixta	A2 A5 A6 A7 A9 A11 C1	Consistirá nun exame de pregunta curta e/ou tipo test sobre os contidos traballados nas sesións teóricas	75
Outros			

Observacións avaliación
Teranse en conta dúas opcións de avaliación en función da asistencia ou non ás clases interactivas. Opción A: Alumnado que asiste ás clases interactivas (> 80% de asistencia) Será necesario ter acreditada unha asistencia de polo menos o 80%. Elaborarase un portafolio no que se recollerán os principais contidos traballados nas sesións interactivas. Para a nota final teranse en conta os seguintes aspectos: - Clases interactivas (25%): Ata 2,5 puntos sempre que se supere a proba obxectiva(exame). - Exame (75%): É necesario superar unha proba de preguntas curtas e/ou tipo test ao finalizar o cuadrimestre. É imprescindible superar o exame para aprobar a materia. O exame corríxase sobre 10 puntos e aplicaráselle o peso que ten no global da materia (75%). Para aprobar o exame haberá que ter un 5 sobre 10. Desta forma, alguén que saque un 5 sobre 10, a súa nota do exame será de 3,75. A nota final será a suma das dúas notas. Así, á nota do exame (mínimo de 3,75) sumaráselle a nota das clases interactivas. A suma de ambas deberá ser como mínimo de 5 puntos para aprobar a materia. Opción B: Alumnado que NON asiste ou ten unha asistencia ás clases interactivas < 80%) - A nota final será a nota do exame. - O exame é o 75% da materia. Dado que hai que ter 5 puntos para aprobar a materia, será necesario obter unha nota de 6,7 (sobre 10) para aprobar a materia. O alumnado que, tendo recoñecida a condición de estudante a tempo parcial e solicitara no Decanato a dispensa académica -tal como se establece na "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña" (aprobada en Consello de Goberno de 28 de xuño de 2016)-, terá que asistir a unha titoría na que concretar a porcentaxe de asistencia mínima e as metodoloxías de avaliación.



Fontes de información

Bibliografía básica	Ávila de Encío, Carmen(2018).La relación de apego y sus posibilidades educativas.Madrid: NarceaArranz, E. y Oliva, A. (2010), Desarrollo psicológico en las nuevas estructuras familiares. Madrid: PirámideCarrobles, J. A.(2008). Escuela de padres : guía práctica para evitar problemas de conducta y mejorar el desarrollo infantil.Madrid: PirámideRodrigo, M.J. y Palacios, J. (1998). La familia como contexto de desarrollo humano. Madrid: PirámideRodrigo, M.J. (2015). Manual práctico de parentalidad positiva. Madrid:Síntesis
----------------------------	---

Bibliografía complementaria	
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente
--

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Consultar a bibliografía básica e complementaria da materia na plataforma Moodle
--

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías